De acordo co previsto no artigo 11 do Regulamento Electoral, aprobado o 5 de xuño de 2026 pola Asemblea Xeral Extraordinaria, a presidenta da **Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA)** convoca eleccións, con data do **31 de xullo de 2026**, á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada da FESSGA.

Por este motivo, disólvese a Xunta Directiva, que pasa a ser substituída por unha Comisión Xestora ata a finalización do proceso electoral, segundo recolle o citado Regulamento.

DATOS RELATIVOS AO DESENVOLVEMENTO DO PROCESO ELECTORAL

a) Calendario electoral.

Publícase como anexo ao presente acordo.

b) Censo electoral provisional.

Publícase como anexo ao presente acordo.

Poderanse presentar as reclamacións que se consideren oportunas en relación co censo provisional ante a Xunta Electoral durante un prazo de dez días desde a súa exposición pública.

Dentro deste mesmo período, as persoas que pertenzan a dous ou máis estamentos ou a dúas especialidades distintas deberán optar por un único estamento e, de ser o caso, por unha única especialidade, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, que deberá presentarse dentro do mesmo prazo de reclamacións ao censo provisional. No caso de non exercerse a opción individual, aplicaranse os criterios de inclusión no estamento correspondente previstos no artigo 6.3 do Regulamento Electoral da FESSGA.

c) Distribución do número de persoas membros da Asemblea Xeral.

De acordo coa distribución inicial establecida no Regulamento Electoral, o número de representantes por estamento será o seguinte:

- **Entidades deportivas:** 7 membros.
- **Deportistas:** 2 membros.
- **Deportistas de alto nivel:** 1 membro.
- **Técnicos/as:** 1 membro.
- **Xuíces árbitros:** 1 membro.

d) Data, lugar de celebración e horario das votacións.

O acto de votación para a elección da Asemblea Xeral celebrarase o **10 de outubro de 2026**, en horario de **10:00 a 14:00 horas**.

Conforme ao artigo 9 do Regulamento Electoral, constituiranse dúas mesas electorais para a elección dos membros da Asemblea.

As persoas electoras da provincia da Coruña deberán votar na sede federativa da Coruña, situada na **Rúa Gambrinus, 151, módulo 0, nave 3, 15008 A Coruña**.

As persoas electoras das provincias de Ourense e Pontevedra votarán nas instalacións do **Centro Galego de Tecnificación Deportiva**, na **Rúa Padre Fernando Olmedo, 1, 36002 Pontevedra**.

e) Modelos oficiais de sobres e papeletas.

Publícanse como anexo ao presente acordo.

f) Regulamento Electoral.

Publícase como anexo ao presente acordo.

g) Procedemento e prazos para o exercicio do voto por correo.

As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do día seguinte ao da presente convocatoria de eleccións e ata cinco días hábiles despois da publicación do censo definitivo.

Presentaranse preferentemente por vía electrónica mediante o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal, dirixido ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte (código do procedemento **DE200A**).

A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e para as demais persoas electoras obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude de forma presencial, será requirida para que a emende mediante a súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave **Chave365** (https://sede.xunta.gal/chave365).

No caso das persoas xurídicas, deberá solicitar o voto por correo a persoa que figure no censo como representante.

As persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica das solicitudes poderán presentalas, de forma opcional, nos servizos provinciais do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Recibida a solicitude, a Administración deportiva comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, no seu defecto, ao que figure no censo.

A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación correspondente ao estamento ao que pertenza. Posteriormente, este sobre introducirase dentro do sobre dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente.

O envío deberá realizarse nalgunha das oficinas de Correos antes do sexto día hábil anterior á data de celebración das eleccións e deberá dirixirse ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, que custodiará a documentación ata o día da votación.

O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

O sobre que se remitirá á **Secretaría Xeral para o Deporte** para a súa custodia por correo deberá consignar no anverso e no reverso os datos recollidos no anexo de sobres de votación e papeletas.

h) Forma de remisión da documentación á Xunta Electoral.

Por correo electrónico ou correo postal.

i) Composición nominal da Xunta Electoral, prazos para a recusación das persoas membros, así como os enderezos postal e electrónico da Xunta Electoral.

A Xunta Electoral terá a súa sede na sede da **Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia**, situada na **Rúa Gambrinus nº 151, módulo 0, nave 3, 15008 A Coruña**, e estará formada polas seguintes persoas:

MEMBROS TITULARES

1. Presidente: D. Daniel Arcas Gosende.
2. Secretario: D. Alejandro Santiago Ramos.
3. Vogal: Dª. Sabela Peromingos Marcos.

MEMBROS SUPLENTES

1. D. Denis González Vidal.
2. D. Julio Serantes Castro.
3. D. Pablo Nicolás Rodríguez Lafuente.

Prazo para a recusación: tres días hábiles desde a publicación da convocatoria.

O enderezo de correo electrónico da Xunta Electoral é o seguinte:

procesoelectoralfessga2026@gmail.com

j) Forma de remisión da documentación á Xunta Electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte.

De conformidade co capítulo XI do Regulamento Electoral, as reclamacións ante a Xunta Electoral presentaranse persoalmente ou por escrito na sede federativa.

No escrito dirixido á Presidencia da Xunta Electoral deberá constar un enderezo de correo electrónico para os efectos das notificacións das resolucións que recaian sobre as reclamacións.

Contra os acordos e resolucións da Xunta Electoral caberá recurso electoral ante o **Comité Galego de Xustiza Deportiva**. As resolucións deste órgano porán fin á vía administrativa.

O escrito de interposición do recurso deberá conter o disposto no artigo 33.3 do Regulamento.

Os recursos dirixidos ao Comité Galego de Xustiza Deportiva deberán presentarse ante a Xunta Electoral que ditase a resolución recorrida.

Asdo.: Nuria Rodríguez Suárez

Presidenta da FESSGA

34897935N NURIA RODRIGUEZ (R: G27033737)

Firmado digitalmente por 34897935N NURIA RODRIGUEZ (R: G27033737)
Fecha: 2026.07.16 12:57:20 +02'00'